

A gatiña feita de cristal de murano

O tesouro de San Marcos é un dos máis ricos e abraiantes que hai no mundo. E aínda o sería máis se se conservasen todas as pezas que foron roubadas ou perdidas ao longo dos séculos.

Unha desas pezas que hoxe xa non existen, ou que xa non se sabe onde están, seica era unha curiosa figura creada no obradoiro do máis afamado mestre cristaleiro de Murano, e representaba unha preciosa gatiña de cor ámbar a durmir toda estarricada sobre un chan de vidro azulado.

Cóntase que esa gata de cristal irisado fora encargada pola República Veneciana para agasallar un rei estranxeiro que acordara facer un alto na súa viaxe cara a Terra Santa para cumprimentar coa súa visita o dux e coñecer a soada cidade das canais, na que non tivera ocasión de estar con anterioridade.

Segundo uns aquel foi un rei de Francia que, loucamente namorado de Venecia, tramaba en segredo o xeito de apoderarse dela. Para outros tería sido un rei de Aragón, corpudo, barbado e con reputación de valeroso.

Fose francés ou aragonés, levase barba ou estivese lampo de todo, o caso é que logrou armar un bo rebumbio entre os gobernantes deste pobo de mercaderes, moi dados de seu a lucir e aparentar diante dos visitantes ilustres para os deixaren pampos e, a ser posible, cunha miga de envexa no interior. Á fin e ao cabo, tamén este podía resultar un bo xeito para concluír obtendo algún beneficio ou regalía, o único que en realidade lles interesaba.

Xa que logo, co gallo do acontecemento organizouse un atafegado programa de celebracións e actos festivos na honra do monarca, entre os que destacaron, como non, as regatas pola Canal Grande —nas que os venecianos sempre souberon facer ver as súas dotes de consumados remeiros— e tamén os xogos de funambulismo e malabares que, na praza de San Marcos, debuxaron o abraio na face de todos os presentes.

Referíame a un estraño trebello con varias bocas e ducias de mandos que descansaba no beirril dunha das fiestras-ollo de boi.

—Ah! Interésalle a vostede enviar unha mensaxe?

—Desculpe, non lle entendo.

—Quero dicir que grazas a esta máquina, e se o desexa, poderá enviar unha mensaxe ao mar do mundo que guste.

—Fala vostede en serio, señora?

—Eu endexamais enredo, cabaleiro. Non mo permiten as canas.

E foi tan contundente ao dicilo que non ousei arrepoñerme. Só acertei a apañar unha cuartilla dun sobre que había alí á beira e, case mecanicamente, púxenme a redactar a miña primeira mensaxe para enviar por mar. Logo de asinar e apuntar a data, requirín a necesaria botella.

—Non se preocupe —dixo a gata—. É de embotellado automático.

E tras depositar a cuartilla ben enrolada nunha das bocas elixida ao chou, Lucrezia encargouse de programar o aparello premendo diversos

botóns e baixando un par de pancas. Soou daquela un ruído semellante ao dun aspirador en funcionamento e a miña mensaxe desapareceu sucionada polo cano.

Acto seguido botei man ao peto para pagar o inesperado servizo, mais a gata Lucrezia ergueu unha pata para indicar que non me ía aceptar nada.

—Xentileza da casa —foi a súa lacónica escusa. E sen máis acompañoume á porta.

Despedinme dela moi agradecido polas atencións recibidas e baixei a escaleira de caracol. Levaba a cabeza cun monllo de preguntas dentro que non sabía de certo como ordenar.

Xa cruzaba a ponte sobre a canal dianteira cando oín un siseo e alcei a ollada. Era a gata Lucrezia que me chamaba desde unha fiestra.

—Esquecín dicirlle onde irá parar a súa mensaxe. Claro que tampouco sei se lle interesa sabelo.

—Por favor, dígamo —apremeina.

Ela calou un chisco antes de falar de novo.

—Logo dun tempo indeterminado chegará a calquera das costas que baña o mar da China. Éme imposible indicarlle cal.